

**ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL
AUGAS DE AMES EPEL**

**ORZAMENTO
- EXERCICIO 2026 -**

Expte.Gestdoc.:2060/2026

Data: 06/02/2026

INDICE:

1. INTRODUCCIÓN

- 1.1 LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO PARA 2026
- 1.2 PRINCIPAIS POLÍTICAS E MEDIDAS DE INGRESOS E GASTOS
- 1.3 SALDO ORZAMENTARIO E CAPACIDADE FINANCEIRA
- 1.4 INGRESOS PREVISTOS
- 1.5 DOTACIÓN DE GASTOS

2. ORZAMENTO DE AUGAS DE AMES PARA O EXERCICIO 2026

2.1 ORZAMENTO DE INGRESOS 2026

- 2.1.1 PREVISIÓN E EVOLUCIÓN A CONSIDERAR
- 2.1.2 DESGLOSE DE INGRESOS 2026 POR CONCEPTO E SUBCONCEPTO
- 2.1.3. RESUMO DO ORZAMENTO DE INGRESOS PARA 2026

2.2 ORZAMENTO DE GASTOS 2026

- 2.2.1 PREVISIÓN E EVOLUCIÓN A CONSIDERAR
- 2.2.2 DESGLOSE DE GASTOS 2026 POR CONCEPTO E SUBCONCEPTO
- 2.2.3. RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS PARA 2026
- 2.2.4 ORZAMENTO DE GASTOS DE CAPITAL E INVESTIMENTOS PARA 2026 E AMORTIZACIÓNS PREVISTAS

3. RESUMO DE INGRESOS E GASTOS ORZAMENTOS 2026

- 3.1. RESUMO DE INGRESOS E GASTOS POR CAPÍTULOS

4. CONTA DE EXPLOTACIÓN

5. CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

6. ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

7. BALANCE DE SITUACIÓN

8. ANEXO I CADRO PERSOAL

9. MASA SALARIAL PERSOAL LABORAL

1. INTRODUCCIÓN

Con data de 11 de maio de 2023 o Pleno do concello de Ames adoptou o acordo de constitución da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL (en diante Augas de Ames EPEL) dependente do Concello de Ames e adscrita á Concellería de Servizos Básicos, para a xestión directa dos servizos públicos que conforman o Ciclo Integral da Auga, en diante CIA, do Concello de Ames, comezando a súa actividade o 1 de abril de 2024.

De conformidade co disposto na normativa vixente en materia orzamentaria aplicable ás entidades do sector público local, e en particular ás entidades públicas empresariais locais, procédese á elaboración do Orzamento de Augas de Ames EPEL correspondente ao exercicio 2026.

En cumprimento do artigo 17 dos estatutos de Augas de Ames EPEL, deberán elaborarse anualmente para cada exercicio os orzamentos estimativos de explotación e capital que detallen os recursos e dotacións previstos, co contido e forma que estableza en cada momento a normativa en materia de réxime local.

Os orzamentos de explotación e de capital estarán constituídos por unha previsión da **conta de resultados e do estado de fluxos de efectivo** do correspondente exercicio. Como anexo aos devanditos orzamentos acompañarase unha **previsión do balance da entidade**, así como a documentación complementaria que determine o Concello, entre a que estará, necesariamente, o **cadro de persoal**, co detalle das retribucións previstas.

O Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (RDL 2/2004 do 5 de Marzo) no seu artigo 163 define os orzamentos xerais das entidades locais como: “a expresión cifrada conxunta e sistemática das obrigacións que, como máximo, poden recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos e dos dereitos que prevén liquidar durante o correspondente exercicio, así como as previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente”.

Sendo a EPEL entidade públicas de carácter empresarial sometida a un sistema de contabilidade financeira privado e con potestades administrativas reguladas nos seus estatutos, entendemos que para os efectos orzamentarios compórtase e regúlase exactamente igual que unha sociedade

Orzamento 2026 Augas de Ames EPEL

mercantil e polo tanto as súas contas de Perdas e Ganancias e os seus investimentos e correlativo financiamento deben de integrarse no Orzamento Xeral da Entidade Local (Concello de Ames). Os documentos orzamentarios que sustentan este orzamento configuráronse de tal forma que permita a súa consolidación no Orzamento Xeral do Concello de Ames.

1.1 LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO PARA 2026

As liñas fundamentais para a planificación orzamentaria de Augas de Ames EPEL, corresponden ao contido establecido no artigo 13 da Orde HAP 2015/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira:

- a) Definición das principais políticas que inspiran o orzamento con indicación das medidas de ingresos e gastos nas que se basean.
- b) Saldos orzamentarios e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculado conforme a normas do sistema europeo de contas.
- c) Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas a conta e posterior liquidación como ao resto de ingresos nas súas principais rúbricas.
- d) Información sobre as dotacións de gastos contidas no proxecto de orzamento e as súas evolucións respecto ao exercicio precedente.
- e) Modificacións significativas nos criterios á hora de orzamentar que permitan unha comparativa homoxénea co exercicio precedente.
- f) Información sobre as diferenzas existentes nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos

Orzamento 2026 Augas de Ames EPEL

Orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do marco orzamentario establecido no artigo 6.

O artigo 6 da Orde HAP 2015/2012 refírese aos plans orzamentarios a medio prazo.

1.2 PRINCIPAIS POLÍTICAS E MEDIDAS DE INGRESOS E GASTOS

O obxecto principal da entidade é a xestión dos servizos relativos ao Ciclo Integral da Auga do concello, polos que recibe as correspondentes prestacións patrimoniais de carácter público non tributario correspondentes aos servizos de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, depuración de augas residuais e canon da auga, de acordo coa correspondente ordenanza de prestacións patrimoniais, que pretende o autofinanciamento do servizo a través dun sistema de tarifas por prestacións dos distintos servizos.

Baixo esta premisa o Concello de Ames aprobou definitivamente o 15 de febreiro de 2024 (BOP da Coruña nº 33) a Ordenanza reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario mantendo as mesmas tarifas previstas durante os últimos 10 anos, tarifas que se recollían na Ordenanza fiscal que establecía as taxas polo servizo de abastecemento, saneamento e depuración.

No tocante ao Orzamento de ingresos, durante este exercicio 2026 non se prevé suba de tarifas, aínda que desde a data de constitución da entidade se foron incrementando os custos ligados ao servizo de abastecemento, saneamento e depuración.

Dentro destes custos destaca o gasto pola compra de auga ao Concello de Santiago para o abastecemento da poboación de Milladoiro, que é a maior partida de gasto que se recolle nos orzamentos da entidade, así como o gasto de depuración que nos presta o Concello de Teo para dar servizo a unha parte da poboación de Milladoiro.

Tamén destacan o incremento dos custos das tarifas eléctricas, cuxa subida, aínda que xa se viña consolidando desde fai anos, durante o tempo que leva funcionando a entidade seguiu medrando, pasando a ser a subministración de enerxía eléctrica para o proceso produtivo nas instalacións unha das partidas de gasto corrente máis importantes.

Orzamento 2026 Augas de Ames EPEL

Prevese durante o ano 2026 a realización de dúas grandes obras de ampliación da rede, así coma actuacións de extensións de rede, melloras e mantemento das mesmas, e implantación dun novo sistema de contadores dixitais, etc, que incrementará os custes do servizo en favor dunha mellora da eficiencia no servizo.

Todo isto podería facer necesario que nos vindeiros anos se precisase unha revisión das tarifas para poder manter as marxes operativas e cubertas as necesidades de investimentos, melloras e mantementos das redes.

No exercicio 2026 o orzamento contempla os ingresos dos seguintes 4 trimestres, sen suba de tarifas, e cun incremento estimado do 3% dos ingresos motivado polo incremento anual de abonados/as ao servizo:

- 1.- Ingresos do 1º trimestre de 2026 (xaneiro-febreiro-marzo)
- 2.- Ingresos do 2º trimestre de 2026 (abril-maio-xuño)
- 3.- Ingresos do 3º trimestre de 2026 (xullo-agosto-setembro)
- 4.- Ingresos do 4º trimestre de 2026 (outubro-novembro-décembro)

En canto ao Orzamento de gastos, no exercicio 2026 está previsto realizar dous grandes investimentos: 1.- Obras de instalación de rede de abastecemento de auga potable procedente da ETAP desde o depósito de Castiñeiro do Lobo ata o depósito de Aldea Nova para subministrar auga ao núcleo de Bertamiráns e ao núcleo de Milladoiro e arredores; 2.- Obra de reforzo da rede de abastecemento na Avenida da Maía en Bertamiráns.

Para estas dúas obras está prevista a súa financiación a través dunha operación de endebedamento a longo prazo.

A concesión do Perte para a dixitalización do Ciclo Intregal da Auga que se lle concedeu ao Concello de Ames por importe de 1.131.309,77 €, fai que xurda tamén en Augas de Ames EPEL a necesidade de priorizar e reforzar durante o ano 2026 as actuacións e investimentos ligados a esta axuda enmarcada no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiada con Fondos Next GenerationEu, en coordinación co Concello de Ames.

Orzamento 2026 Augas de Ames EPEL

Como se indicou no apartado anterior, está previsto acudir a unha operación de endebedamento a través dun préstamo a longo prazo para poder financiar os dous grandes investimentos sinalados anteriormente, pois teñen un elevado custo que obrigaría a acudir a esta fonte de financiación para poder acometer estes investimentos.

Para o ano 2026 prevese que os ingresos da propia operativa do servizo xeren tamén a autofinanciación suficiente para poder afrontar o resto de investimentos que están previstos nos orzamentos.

1.4 INGRESOS PREVISTOS

Os ingresos previstos correspóndense aos derivados da prestación de servizos suxeitos ás tarifas segundo a Ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario aprobada definitivamente o 15 de febreiro de 2024 (BOP Nº 33), e que son:

- a) A contratación definitiva da subministración de auga potable e saneamento e depuración.
- b) O cambio de titular, transmitindo o contrato ao novo titular da propiedade da vivenda ou local.
- c) Dereitos de enganche de acometidas ás redes de distribución de auga potable e rede de sumidoiros e mantemento do servizo de subministración de auga potable e das redes locais de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.
- d) Utilización do servizo de abastecemento de auga potable e a evacuación real ou potencial de augas residuais ou doutra natureza, a través da rede de sumidoiros municipal e posterior tratamento para a súa depuración.
- f) Instalación dos contadores e a súa conservación e mantemento dos mesmos
- g) Desconexión e reconexión da subministración a pedimento da persoa usuaria
- h) Traballos necesarios sobre as redes actuais, consecuencia de obras particulares, así como intervencións para a reparación de fugas provocadas por terceiros.

Por outra banda contéplanse os ingresos por venda de auga ao Concello de Brión, e ao Concello de Teo.

Orzamento 2026 Augas de Ames EPEL

No tocante as tarifas a aplicar polos servizos prestados, como xa se indicou anteriormente, neste exercicio 2026 mantéñense as mesmas tarifas que xa se estaban a abonar ao Concello de Ames, aplicando a Ordenanza reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario pola prestación dos servizos que conforman o Ciclo Integral da Auga (CIA) no Concello de Ames (BOP da Coruña nº 33 , do 15 de febreiro de 2024).

Polo que, non se recollen incrementos nas tarifas para o exercicio 2026 respecto das tarifas aplicadas no 2025, e calcúlase o volume facturado polos servizos ligados ao Ciclo Integral da Auga (CIA) tomando como referencia o facturado no último ano 2025, e incrementáanse nun 3% a previsión de ingresos, tendo en conta que cada ano hai un incremento do número de abonados, pois incrementaron no ano 2025 en 215 abonados máis respecto do ano 2024 no servizo de abastecemento e 156 abonados máis no saneamento.

1.5 DOTACIÓN DE GASTOS

As principais partidas de gastos do servizo corresponden ás partidas de persoal, aprovisionamento (compra de auga), traballos realizados por outras entidades entre os que está prevista a licitación dun novo servizo de limpeza e desatasco das redes e instalacións, subministro de enerxía eléctrica, comunicacións e outros servizos, arrendamentos de maquinaria e de locais, xa que resultan imprescindibles para a operativa ordinaria do servizo da EPEL.

En canto aos gastos de persoal garántense os salarios e condicións que estaban recoñecidas coa anterior concesionaria e que se mantiveron no momento da subrogación do persoal cando pasaron a formar parte da plantilla de Augas de Ames EPEL.

Durante o exercicio 2025 aplicouse a suba salarial do 2,5% correspondente ao exercicio 2024 e abonáronse os atrasos ao persoal, operando para algúns traballadores o mecanismo de compensación recollido no VII Convenio Colectivo Estatal do Ciclo Integral da Auga, que é o convenio colectivo aplicable en vigor.

Durante este 2026 está previsto aplicar a suba salarial aprobada do 1,5% nos salarios do ano 2026, así como abonar os atrasos da suba salarial do 2,5% aprobada para o ano 2025, subas recollidas

Orzamento 2026 Augas de Ames EPEL

no Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

Ante a carencia na entidade dun posto funcional intermedio de apoio á Xerencia que poda exercer potestades administrativas, pois na plantilla da EPEL tan só se recolle o posto de Xerente como órgano executivo con labores de xestión, administración e dirección, prevese para este ano 2026 completar o organigrama da EPEL e contratar un/unha funcionaria/o técnica/o de xestión (Grupo A2) para a Área Xurídico-Económica.

Este perfil é imprescindible para levar a cabo as tarefas técnicas propias de apoio á Xerencia nas labores de xestión, contabilidade, elaboración e emisión de informes xurídicos, tramitación e seguimento expedientes de contratación, elaboración de pregos, así como outras labores propias do posto funcional.

Tamén se recollen nestes orzamentos 2026 a cobertura das 3 vacantes de persoal que inclúen os postos de capataz e dúas prazas de oficial 1ª, así como a necesidade de contratación dun operario de rede (oficial 2ª servizos) coa fin de reforzar o servizo para poder atender as demandas de actuacións nas obras de melloras e ampliación das redes, así coma nos servizos de lectura, e como apoio nos traballos que suporán a implementación das actuacións e investimentos ligados ao Perte para a dixitalización do Ciclo Integral da Auga que se lle concedeu ao Concello de Ames.

Durante o exercicio orzamentario 2026, esta entidade pública prevé unha alta cifra de investimentos, destacando a obra abastecemento auga potable procedente da ETAP de Lens ao Depósito de Aldea Nova para dar servizo ao núcleo de Bertamiráns e Milladoiro e arredores. Actualmente estase a mercar auga ao Concello de Santiago para subministración á parte da poboación de Bertarmiráns e a toda a poboación de Milladoiro e arredores, o que supón un dos maiores custos de explotación, tendo nós os recursos necesarios, pois do que non se dispón é da infraestrutura para poder levar a auga a estes núcleos.

Por este motivo, esta é unha das actuacións máis estratéxicas e prioritarias, que van a permitir que desde as nosas instalacións (ETAP de Lens) e cos nosos propios recursos se dea resposta ás necesidades actuais e futuras dos dous grandes núcleos de poboación do noso concello, Bertamiráns e Milladoiro, dando tamén servizo a moitas zonas do rural, e deixar de mercar auga ao Concello de Santiago reducindo así o alto custo desta partida de gasto.

Orzamento 2026 Augas de Ames EPEL

O outro grande investimento realizarase na rede de abastecemento na Avda. da Maía en Bertamiráns, reforzando á mesma para solventar os problemas de falta de presión na zona alta.

Para afrontar estas dúas grandes actuacións, Augas de Ames EPEL concertará unha operación de endebedamento a longo prazo de duración 10 anos con dous anos de carencia para financiar as mesmas.

No caso da obra para abastecer de auga desde a nosa ETAP de Lens aos dous núcleos de poboación e rural, debido ao seu alto custo, recóllese un gasto plurianual, afrontando como gasto neste exercicio 2026 o importe que corresponde ao 50% do orzamento base de licitación do proxecto.

A obra de reforzo da rede na Avenida da Maía orzáméntase toda na anualidade 2026.

AUGAS DE AMES EPEL-ORZAMENTO 2026				
OPERACIÓN ENDEBEDAMENTO A L/P POR IMPORTE DE 2.761.207,29 €				
INSTALACIÓNS TÉCNICAS CIA	IMPORTE TOTAL PROXECTO (B.IMPOÑIBLE Sen Iva) €	ANUALIDADE 2026 (€)	ANUALIDADE 2027 (€)	OBSERVA-CIÓN
Obra abastecemento Auga Potable da ETAP a Milladoiro-Bertamiráns e rural	2.388.269,75	1.194.134,88	1.194.134,88	Investimento Plurianual
Obra reforzo rede abastecemento Avda. Maía	372.937,54	372.937,54		
TOTAL	2.761.207,29	1.567.072,41	1.194.134,88	

Ademáis realizaranse actuacións e investimentos para as redes no rural, para reforzar de maneira significativa a rede e a capacidade de prestación dos servizos públicos.

Augas de Ames EPEL tamén afrontará investimentos para completar as actuacións do Perte.

Polo tanto, en base as premisas indicadas, preséntase o orzamento para 2026 da entidade publica empresarial Augas de Ames EPEL, acompañado das previsión de gastos e ingresos nun escenario plurianual (2026-2028).



2. ORZAMENTO DE AUGAS DE AMES EPEL PARA O EXERCICIO 2026

2.1 ORZAMENTO DE INGRESOS 2026

2.1.1 PREVISIÓN E EVOLUCIÓN A CONSIDERAR

No tocante a previsión de ingresos para o 2026, non se prevén incrementos nas tarifas respecto das vixentes no ano 2025. O volume de facturación dos servizos vinculados ao Ciclo Integral da Auga (CIA) estímase tomando como referencia a facturación correspondente ao último exercicio 2025.

Sobre esta base, aplícase un incremento do 3 % na previsión de ingresos, motivado polo crecemento sostido do número de persoas abonadas, que no ano 2025 rexistrou un aumento de 215 abonados no servizo de abastecemento e de 156 abonados no servizo de saneamento respecto do exercicio 2024.

A) Facturación total anual prevista 2026

Indícase a facturación anual prevista derivada dos Padróns de prestacións patrimoniais do CIA aprobados trimestralmente, **incrementando nun 3% a facturación respecto do ano 2025**, xustificado polo incremento anual do número de abonados:

AGUAS DE AMES EPEL-ORZAMENTO 2026						
FACTURACION PADRÓNS TRIMESTRAIS CIA						
ABASTECIMIENTO	1T 2025	2T 2025	3T 2025	4T 2025	TOTAL ANO 2025	TOTAL ANO 2026 PRE-VISTA
Subministro en baixa abonados	332.870,78 €	366.184,35 €	419.311,46 €	350.386,09 €	1.468.752,68 €	1.512.815,26 €
Venta de auga en alta Brión e Teo	23.407,60 €	27.733,28 €	54.785,92 €	29.491,42 €	135.418,22 €	139.480,76 €
Mantemento e conservación contadores	16.150,01 €	16.198,15 €	16.242,57 €	16.328,45 €	64.919,18 €	66.866,76 €
TOTAL	372.428,39 €	410.115,78 €	490.339,95 €	396.205,96 €	1.669.090,08 €	1.719.162,78 €

Orzamento 2026 Augas de Ames EPEL

	1T 2025	2T 2025	3T 2025	4T 2025	TOTAL ANO 2025	TOTAL ANO 2026 PREVISTA
SANEAMENTO						
Saneamento	226.574,59 €	231.715,95 €	239.675,83 €	230.034,92 €	928.001,29 €	955.841,33 €
TOTAL	226.574,59 €	231.715,95 €	239.675,83 €	230.034,92 €	928.001,29 €	955.841,33 €
DEPURACIÓN						
Depuración	45.879,96 €	51.096,41 €	59.524,02 €	47.205,31 €	203.705,70 €	209.816,87 €
TOTAL	45.879,96 €	51.096,41 €	59.524,02 €	47.205,31 €	203.705,70 €	209.816,87 €
TOTAL					2.800.797,07 €	2.884.820,98 €

Indícase tamén a facturación anual prevista en concepto de outros servizos ligados ao CIA, aplicando o mesmo **incremento do 3% respecto do ano 2025**.

AGUAS DE AMES EPEL-ORZAMENTO 2026		
FACTURACIÓN OUTROS SERVICIOS		
FACTURACIÓN OUTROS SERVICIOS	TOTAL ANO 2025	TOTAL ANO 2026 PRE-VISTA
Acometidas de pluviais	3.747,70 €	3.860,13 €
Acometidas de saneamento	20.927,41 €	21.555,23 €
Acometidas de abastecemento	20.076,32 €	20.678,61 €
Contadores (venta, inspección e verificación)	52.082,87 €	53.645,36 €
Xuros de demora	14,30 €	14,73 €
Permisos de enganche	20.409,39 €	21.021,67 €
Apremio (5% recargo)	7.418,37 €	7.640,92 €
Inspección e verificación contadores	248,58 €	256,04 €
Importe hornacina	97,82 €	100,75 €
TOTAL	125.022,76 €	128.773,44 €

Orzamento 2026 Augas de Ames EPEL

B) Abonadas/os do servizo

AGUAS DE AMES EPEL-ORZAMENTO 2026				
ABONADOS/AS SERVIZO	TOTAL ANO 2024	TOTAL ANO 2025	INCREMENTO ANUAL Nº ABONADOS	TOTAL ANO 2026 PRE-VISTO
Abonados Abastecemento	16.032	16.247	215	16.462
Abonados Saneamento e Depuración	17.452	17.608	156	17.764

C) Resumo ingresos tarifarios previstos 2026

AGUAS DE AMES EPEL-ORZAMENTO 2026		
INGRESOS TARIFARIOS		
CAPÍTULO	DESCRIPCION	IMPORTE 2026 (€)
	Subministro en baixa abonados	1.512.815,26
	Venta de auga en alta Brión e Teo	139.480,76
3	Total ingresos por servizos Abastecemento	1.652.296,02
	Saneamento	955.841,33
	Depuración	209.816,87
3	Total ingresos por servizos Saneamento e Depuración	1.165.658,20
	Mantemento e conservación de contadores	66.866,76
	Outros ingresos (execución acometidas, instalación contadores...)	128.773,44
3	Total ingresos por outros conceptos	195.640,20
3	TOTAL INGRESOS TARIFARIOS	3.013.594,42

As previsión de **ingresos tarifarios** polos servizos de abastecemento, saneamento, depuración e outros servizos ligados ao Ciclo Integral da Auga para o 2026 estímense en **3.013.594,42 €**.

Orzamento 2026 Augas de Ames EPEL

D) Resumo outros ingresos previstos 2026

No ano 2026 figura dentro dos ingresos, no capítulo 9 (pasivo financeiro), a parte orzamentada do préstamo para a anualidade 2026, que financiará os dous grandes investimentos anteriormente sinalados, que suma un total de **1.567.057,41 €**.

AGUAS DE AMES EPEL-ORZAMENTO 2026		
OUTROS INGRESOS POR CONCEPTO (€)		
CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE (€)
9	Total pasivo financeiro	1.567.057,41

2.1.2 DESGLOSE DE INGRESOS 2026 POR CONCEPTO E SUBCONCEPTO

AGUAS DE AMES EPEL-ORZAMENTO 2026					
DESGLOSE INGRESOS POR CONCEPTOS E SUBCONCEPTOS					
CAPITULO	ARTICULO	CONCEPTO	SUBCONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE (€)
3	30	300	30000	Subministro de auga	1.512.815,26
3	30	301	30100	Saneamento	955.841,33
3	30	304	30400	Depuración	209.816,87
3	30	300	30000	Venta de auga en alta Teo e Brión	139.480,76
3	30	300	30001	Mantemento e conservación de contadores	66.866,76
3	30	300	30101	Outros ingresos (execución acometidas, instalación contadores...)	128.773,44
9	91	913	91300	Préstamos recibidos a longo Prazo de Entes Fora do Séctor Público	1.567.057,41
TOTAL INGRESOS 2026					4.580.651,83

2.1.3. RESUMO DO ORZAMENTO DE INGRESOS PARA 2026

A previsión de **INGRESOS TOTAIS para 2026** por capítulos queda do seguinte xeito:

AGUAS DE AMES EPEL-ORZAMENTO 2026		
INGRESOS POR CONCEPTO		
CAPÍTULO	DESCRIPCION	IMPORTE 2026 (€)
	Subministro en baixa abonados	1.512.815,26
	Venta de auga en alta Brión e Teo	139.480,76
3	Total ingresos por servizos Abastecemento	1.652.296,02
	Saneamento	955.841,33
	Depuración	209.816,87
3	Total ingresos por servizos Saneamento e Depuración	1.165.658,20
	Mantemento e conservación de contadores	66.866,76
	Outros ingresos (execución acometidas, instalación contadores...)	128.773,44
3	Total ingresos por outros conceptos	195.640,20
3	TOTAL INGRESOS TARIFARIOS	3.013.594,42
9	Pasivo financeiro (Préstamo a L/P)	1.567.057,41
9	Total pasivo financeiro	1.567.057,41
3_9	TOTAL INGRESOS 2026 EPEL	4.580.651,83

En resumo, os **ingresos totais previstos para o orzamento 2026 ascenden a 4.580.651,83 €.**

2.2 ORZAMENTO DE GASTOS 2026

2.2.1 PREVISIÓN E EVOLUCIÓN A CONSIDERAR

As principais partidas de gastos dos servizos do Ciclo Integral da Auga corresponden ás partidas de persoal, aprovisionamento (compra de auga), traballos realizados por outras entidades (entre os que está prevista a licitación dun novo servizo de limpeza e desatasco das redes e instalacións), subministro de enerxía eléctrica, comunicacións e outros servizos, arrendamentos de maquinaria e de locais, xa que resultan imprescindibles para a operativa ordinaria do servizo da EPEL.

Orzamento 2026 Augas de Ames EPEL

En canto aos gastos de persoal ao inicio da actividade garantíronse os salarios e condicións que estaban recoñecidas coa anterior concesionaria e que se mantiveron no momento da subrogación do persoal cando pasaron a formar parte da plantilla de Augas de Ames EPEL.

Durante o ano 2024, por iniciativa da Presidencia de Augas de Ames, elevouse ao Consello de Administración unha proposta de mellora das condicións laborais e medidas de conciliación, para o persoal de Augas de Ames EPEL. Levouse o expediente ao Consello de Administración e na Sesión nº 7 de data 07/10/2024, aprobouse a xornada laboral continua para todo o ano, de 08:00 a 15:00 horas, reducindo a xornada a 7 horas continuadas, cun horario de atención ao público de 09:00 a 14:00 horas.

Dita modificación supuxo unha mellora substancial das condicións de traballo do persoal de Augas de Ames EPEL, cunha redución das horas efectivas traballadas ao ano de 186 horas menos (26,5 días), quedando fixades en 1.526 o total anual de horas efectivas de traballo fronte ás 1.712 h totais anuais efectivas de traballo que se establecen por Convenio.

Durante este pasado ano 2025 aplicouse a actualización retributiva do 2024 do persoal da EPEL, aprobándose en Consello de Administración na sesión nº13, do 25 de novembro de 2025, e actualizáronse os salarios nun 2,5% de acordo cos orzamentos Xerais do Estado e abonáronse os atrasos, operando para algúns traballadores/as o mecanismo de compensación regulado no artigo 29 do VII Convenio Colectivo Estatal do CIA, convenio actualmente en vigor (BOE» núm. 231, de 25 de setembro de 2025) .

Durante este 2026 está previsto aplicar a suba salarial aprobada do 1,5% para os salarios do ano 2026, así como abonar os atrasos da suba salarial do 2,5% aprobada para o ano 2025, subas recollidas no Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

Como xa se indicou anteriormente, recóllese nos orzamentos 2026 a creación dun posto funcional de técnico/a de xestión para completar o organigrama da entidade, posto con tarefas técnicas propias de apoio á Xerencia nas labores de xestión, contabilidade e orzamentos, emisión informes, tramitación dos expedientes de contratación, redacción de pregos técnicos e administrativos, resolucións, así como outras labores propias do posto.

Orzamento 2026 Augas de Ames EPEL

Tamén se recollen nestes orzamentos 2026 a cobertura das 3 vacantes de persoal que inclúen os postos de capataz e dúas prazas de oficial 1ª, así como a necesidade de contratación dun novo operario de rede (oficial 2ª servizos) coa fin de reforzar o servizo para poder atender as demandas de actuacións nas obras de melloras e ampliación das redes, así coma nos servizos de lectura, e os traballos que suporán a implementación das actuacións e investimentos ligados ao Perte para a dixitalización do Ciclo Integral da Auga que se lle concedeu ao Concello de Ames.

Durante o exercicio orzamentario 2026, esta entidade pública prevé unha alta cifra de investimentos, como se indicou anteriormente, dentro destes investimentos están dúas grandes obras: Obra abastecemento auga potable da ETAP a Milladoiro-Bertamiráns e rural e Obra reforzo rede abastecemento Avda. Maía, que nesta anualidade 2026 suman un total de 1.567.072,41 €

Os obxectivos destas grandes obras son poder abastecer cos nosos propios e recursos a maior parte da poboación do noso concello, e solventar os problemas de presión na Avenida da Maía.

